

**1. Identificación da programación****Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006778	Rodolfo Ucha Piñeiro	Ferrol	2017/2018

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CMCOM01	Actividades comerciais	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1233	Aplicacións informáticas para o comercio	2017/2018	0	133	0
MP1233_12	Aplicacións informáticas de propósito xeral	2017/2018	0	50	0
MP1233_22	Aplicacións informáticas habituais no comercio	2017/2018	0	83	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ELENA DEL PILAR RAMALLO MIÑÁN, IAGO HORTAS DACOSTA (Subst.)
Outro profesorado	IAGO HORTAS DACOSTA

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP1233_12) RA1 - Manexa a nivel de usuario/a sistemas informáticos empregados habitualmente no comercio, utilizando o hardware e o software máis común
(MP1233_22) RA1 - Confecciona materiais informativos e publicitarios, utilizando técnicas de deseño gráfico
(MP1233_12) RA2 - Utiliza a rede internet e os servizos que a compoñen, manexando programas de navegación, correo electrónico e transferencia de ficheiros, entre outros
(MP1233_22) RA3 - Realiza cálculos matemáticos con folia de cálculo e tratamento de datos con xestores de bases de datos, utilizando programas para a automatización das actividades comerciais
(MP1233_22) RA4 - Realiza a facturación electrónica e outras tarefas administrativas, de xeito telemático, utilizando en cada caso o software específico

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP1233_12) CA1.1 Examináronse os compoñentes físicos dun computador
(MP1233_12) CA1.2 Consideráronse as características e o funcionamento dos equipamentos informáticos e electrónicos específicos para o comercio
(MP1233_12) CA1.5 Configurouse unha rede doméstica
(MP1233_12) CA1.6 Protexéronse os equipamentos de virus, correo lixo e outros elementos indesexables
(MP1233_22) CA1.7 Efectuáronse traballos publicitarios e promocionais en internet
(MP1233_12) CA1.7 Realizáronse operacións rutineiras de mantemento dos equipamentos
(MP1233_12) CA2.1 Identificáronse os conceptos esenciais de funcionamento e uso da rede e as características propias das intranets e as extranets
(MP1233_12) CA2.2 Avaliáronse e configuráronse os sistemas de conexión á rede
(MP1233_12) CA2.7 Identificouse o protocolo de rede para a transferencia de ficheiros (FTP) desde un equipamento cliente a un servidor
(MP1233_12) CA2.8 Implantáronse medidas de seguridade para protexer os equipamentos de intrusionés externas
(MP1233_22) CA3.1 Realizáronse cálculos matemáticos en diversas áreas da empresa (administración, finanzas, produción, etc.)
(MP1233_22) CA3.2 Definíronse as fórmulas para automatizar a confección de diversos documentos administrativos (albarás, facturas, etc.)
(MP1233_22) CA3.3 Utilizáronse funcións matemáticas para calcular ingresos, custos e resultados económico-financeiros
(MP1233_22) CA4.1 Identificáronse os formatos electrónicos de factura
(MP1233_22) CA4.2 Estableceuse a transmisión telemática entre computadores
(MP1233_22) CA4.3 Garantiuse a integridade e a autenticidade das transmisións telemáticas a través dunha sinatura electrónica recoñecida
(MP1233_22) CA4.5 Realizáronse tarefas administrativas en liña con organismos públicos e privados



2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP1233_12) RA1 - Manexa a nivel de usuario/a sistemas informáticos empregados habitualmente no comercio, utilizando o hardware e o software máis común
(MP1233_22) RA1 - Confecciona materiais informativos e publicitarios, utilizando técnicas de deseño gráfico
(MP1233_12) RA2 - Utiliza a rede internet e os servizos que a compoñen, manexando programas de navegación, correo electrónico e transferencia de ficheiros, entre outros
(MP1233_22) RA2 - Realiza tarefas de manipulación de textos e de presentación de textos, imaxes e gráficos en forma continua, empregando programas para a automatización das actividades e dos traballos específicos do comercio
(MP1233_22) RA3 - Realiza cálculos matemáticos con folia de cálculo e tratamento de datos con xestores de bases de datos, utilizando programas para a automatización das actividades comerciais
(MP1233_22) RA4 - Realiza a facturación electrónica e outras tarefas administrativas, de xeito telemático, utilizando en cada caso o software específico

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP1233_22) CA1.1 Deseñáronse materiais de comunicación en soportes gráficos
(MP1233_22) CA1.2 Realizouse a composición e o formato do material, respectando principios de harmonía, proporción, equilibrio, simetría, etc
(MP1233_12) CA1.3 Manexouse un sistema operativo baseado no uso de fiestras
(MP1233_22) CA1.3 Aplicáronse principios de asociación psicolóxica de imaxes, contidos, semellanza, continuidade, simetría, etc
(MP1233_12) CA1.4 Xestionáronse os ficheiros de información mediante sistemas operativos
(MP1233_22) CA1.4 Empregáronse técnicas de deseño e autoedición relativas a percepción visual, lexibilidade, contrastes de cor, etc
(MP1233_22) CA1.5 Deseñáronse materiais gráficos de imaxes, mantendo unha distribución equilibrada de todos os elementos
(MP1233_22) CA1.6 Utilizouse software multimedia para a edición de imaxes e sons, e para a gravación de sons
(MP1233_12) CA1.8 Descargáronse e utilizáronse aplicacións de visualización e impresión de datos
(MP1233_22) CA2.1 Editáronse todos os tipos de escritos informativos e publicitarios, por medio de aplicacións específicas de tratamento e corrección de textos
(MP1233_22) CA2.2 Utilizáronse ferramentas especializadas de xeración de textos a través de utilidades de edición
(MP1233_12) CA2.3 Utilizáronse os principais programas navegadores para se mover pola rede
(MP1233_22) CA2.3 Ordenáronse os textos e as ilustracións para efectuar unha correcta maquetaxe dos contidos
(MP1233_12) CA2.4 Realizáronse procuras selectivas de información mediante aplicacións específicas e buscadores especializados por temas
(MP1233_22) CA2.4 Elaboráronse índices temáticos, alfabéticos e de ilustracións
(MP1233_12) CA2.5 Utilizouse o correo electrónico directamente desde a web
(MP1233_22) CA2.5 Deseñáronse presentacións publicitarias e de negocios con texto esquematizado, animacións de texto e imaxes importadas
(MP1233_12) CA2.6 Empregáronse programas de cliente de correo electrónico para xestionar o envío e a recepción de mensaxes

**Criterios de avaliación do currículo**

(MP1233_22) CA2.6 Deseñáronse presentacións mestras que sirvan de base para a creación doutras presentacións

(MP1233_22) CA2.7 Manexáronse aplicacións de autoedición que permitan deseñar e maquetar páxinas con textos e elementos gráficos diversos, destinados a servir como material de márketing

(MP1233_22) CA3.4 Tratáronse e filtráronse listas de datos coa folla de cálculo

(MP1233_22) CA3.5 Creáronse ficheiros de bases de datos relacionais que se poidan consultar doadamente

(MP1233_22) CA3.6 Extraéronse informacións a través da consulta combinada de varias táboas de datos

(MP1233_22) CA3.7 Deseñouse formularios para a inclusión de datos nas súas táboas correspondentes

(MP1233_22) CA3.8 Elaboráronse informes personalizados dos rexistros da base de datos para os imprimir

(MP1233_22) CA4.4 Utilizáronse aplicacións específicas de emisión de facturas electrónicas

(MP1233_22) CA4.6 Formalizáronse documentos coas obrigas fiscais ás que están suxeitas as operacións de compravenda de produtos ou servizos

(MP1233_22) CA4.7 Practicouse con simuladores de recursos da administración tributaria

(MP1233_22) CA4.8 Realizáronse prácticas con simuladores de banca en liña

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles son os establecidos como criterios de avaliación na presente programación.

O desenvolvemento e cualificación das probas realizarase conforme ao establecido nos artigos 13 e 14 da orde de 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional (DOG 73, de 16 de abril de 2013).

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba, pola persoa aspirante, ante o profesor ou a profesora do correspondente módulo:

Primeira parte: Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta primeira parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.

Segunda parte: As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. O profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esta segunda parte da proba de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos (Art. 14.2, Orde do 5 de abril de 2013).

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento**4.a) Primeira parte da proba**

A proba teórica consistirá nun repertorio de preguntas tipos test, con cantro respostas alternativas, das que tan só unha será a correcta. Por cada tres respostas incorrectas resta unha correcta.



O tempo para a realización desta proba será dunha hora e trinta minutos.

4.b) Segunda parte da proba

A parte práctica consistirá na edición de ficheiros ou na modificación de arquivos facilitados polo docente, para coñecer o grao de destreza do alumnado co editor de textos, follas de cálculo, bases de datos, facturación e descargas de Internet.

O tempo para a realización desta proba será dunha hora e trinta minutos.